

O Museo de Historia Natural da USC participa na III Feira de Minerais

O centro comercial Área Central acolle dende o xoves 2 de marzo ata o domingo día 5 a súa terceira edición da Feira de Minerais. Este evento é a feira máis grande de Galicia e Portugal sobre esta temática. Nesta ocasión, faise unha mención especial ó wolframio de Galicia pola súa utilización na industria armamentística na primeira metade do século XX.

A feira componse dunha ampla feira comercial composta por preto de trinta expositores de diferentes puntos de Europa, ademais de diferentes exposicións, un stand de venta de libros temáticos e de actividades diarias como charlas, proxeccións de documentais, etc.

Para levar a cabo a feira, a organización contou coa importante implicación de diferentes entidades, entre as que está o Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela.

A colección de minerais do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela

Iniciada en 1840, continúa incrementándose na actualidade con doazóns de científicos e particulares. Organizada en diferentes partes, ten como finalidade a investigación, a docencia e a divulgación científica.

A parte histórica comprende “Minerais de Galicia” iniciada en 1840 e da que podemos salientar o exemplar de Zaratita recollido polo profesor Antonio Casares en Cabo Ortegal onde foi citado por primeira vez en España. “Minerais Viqueira” preparada por Dr. José Viqueira entre os 1900 e 1940. Completa esta sección “Minerais de Arxentina, Brasil e Uruguai” doados a Universidade entre 1924-1961, a través da Biblioteca América.

Na actualidade a colección segue tendo doazóns como a realizadas en 2012 por D. Bernardino Bugallo e no 2015 por D. Joaquin Pardo Gómez, que doou a este museo toda a súa colección composta por milleiros de exemplares de minerais procedentes de diversas partes do mundo.



2, 3, 4 e 5 de marzo

3^a FEIRA DE MINERAIS

Santiago de Compostela



- ✓ Minerais
- ✓ Fósiles
- ✓ Xoiería
- ✓ Obradoiros

ESPECIAL

WOLFRAMIO

DE GALICIA



Area Central

CENTRO COMERCIAL
Santiago de Compostela